

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DO INTERIOR

**8674** *Orde INT/1407/2012, do 25 de xuño, pola que se modifica o anexo I do Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 818/2009, do 8 de maio.*

A Directiva 2006/126/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de decembro, sobre o permiso de condución, foi incorporada ao ordenamento xurídico español mediante o Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 818/2009, do 8 de maio.

Coa entrada en vigor do Tratado de Lisboa o 1 de decembro de 2009 a referencia á Comunidade no permiso de condución debe substituírse por unha referencia á Unión Europea.

Así mesmo, o modelo do permiso de condución debe adaptarse para reflectir a adhesión de Bulgaria e Romanía á Unión Europea, así como actualizar o seu contido á luz das novas categorías de vehículos introducidas pola Directiva 2006/126/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de decembro.

Neste contexto, a Directiva 2011/94/UE da Comisión, do 28 de novembro de 2011, modificou o anexo I da Directiva 2006/126/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de decembro, que recolle as disposicións relativas ao modelo comunitario de permiso de condución.

A teor do exposto e de acordo coa habilitación contida na disposición derradeira segunda do mencionado Real decreto 818/2009, do 8 de maio, modifícase o anexo I do Regulamento xeral de condutores, no cal se regula o modelo de permiso de condución, co obxecto de incorporar ao noso ordenamento interno a Directiva 2011/94/UE da Comisión, do 28 de novembro.

Non obstante, non foi necesario recoller todos os cambios introducidos por parte da citada directiva ao estaren xa recollidos algúns deles na nosa normativa vixente, como os referidos ás novas categorías de permiso que xa están incorporadas no actual modelo de permiso de condución que se expide en España, contido no anexo I do Regulamento xeral de condutores, agás polo que se refire á categoría B1, cuxa incorporación ao modelo de permiso pasa a ser obrigatoria coa citada Directiva 2011/94/UE da Comisión, do 28 de novembro.

A categoría B1 é unha categoría opcional que queda á decisión de cada Estado membro e, aínda que non se inclúese entre as categorías que se poden obter no seu territorio, como é o caso de España, foi determinada de común acordo por todos os Estados membros a obriga de recollela no modelo de permiso de condución que expida cada un deles.

As modificacións que se levan a cabo no anexo I do Regulamento xeral de condutores consisten, basicamente, en substituír as distintas referencias a «Comunidade» por «Unión Europea», ademais de cambios unicamente formais que afectan a descrición do signo distintivo de España no modelo de permiso de condución, así como a representación gráfica do dito modelo e o código harmonizado 95.

Sobre esta orde emitiu informe o Consello Superior de Seguridade Viaria, de conformidade co disposto no artigo 8.3 e) do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

**Artigo único.** *Modificación do anexo I do Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 818/2009, do 8 de maio.*

Modifícase o anexo I do Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 818/2009, do 8 de maio, do seguinte modo:

Un. Todas as referencias a «permiso de conducción comunitario», «modelo comunitario», «Comunidade ou Comunidade Europea» ou «códigos comunitarios harmonizados» se entenderán feitas a «permiso de conducción da Unión Europea», «modelo da Unión Europea», «Unión Europea» ou «códigos da Unión Europea harmonizados», respectivamente.

Dous. O parágrafo 3.º da páxina 1, do número 2 da letra A) «Modelo e contido de permiso de conducción comunitario», queda redactado do seguinte modo:

«3.º A letra «E», como signo distintivo de España, impresa en negativo, nun rectángulo azul rodeado de doce estrelas amarelas.»

Tres. Os puntos (10) e (11) do parágrafo 1.º da páxina 2, do número 2 da letra A), quedan redactados do seguinte modo:

«(10) A data da primeira expedición de cada categoría (esta data deberá transcribirse ao novo permiso en toda substitución ou intercambio posteriores); cada campo da data escríbese con dous díxitos e pola orde seguinte: día.mes.ano (DD.MM.AA).

(11) A data de expiración da validez de cada categoría (cada campo da data escríbese con dous díxitos e pola orde seguinte: día.mes.ano DD.MM.AA).»

Catro. O parágrafo 2.º da páxina 2, do número 2 da letra A), queda redactado do seguinte modo:














«2.º Unha explicación das epígrafes numeradas que aparecen nas páxinas 1 e 2 do permiso (epígrafes 1, 2, 3, 4a, 4b, 4c, 5, 10, 11 e 12).»

Cinco. A representación gráfica do modelo permiso de conducción na letra A) queda do seguinte modo:

Páxina 1



## Páxina 2

	9.	10.	11.	12.
13.	AM 			
	A1 			
	A2 			
14.	A 			
	B1 			
	B 			
	C1 			
	C 			
	D1 			
	D 			
	BE 			
	C1E 			
	CE 			
	D1E 			
	DE 			
	BTP			
12.				

1. Apellidos. 2. Nombre. 3. Fecha y lugar de nacimiento. 4. Fecha de expedición. 4b. Fecha de expiración. 4c. Expedido por. 5. Número del permiso. 10. Válido desde el. 11. Válido hasta el. 12. Código.

Seis. O código 95 da subepígrafe «Códigos da Unión Europea harmonizados», da letra B) «Códigos da Unión Europea harmonizados e códigos nacionais», queda redactado do seguinte modo:

«Códigos	Subcódigos	Aspectos administrativos. Significado
95		Conductor titular do CAP que satisfai a obriga de aptitude profesional prevista no artigo 3 da Directiva 2003/59/CE, válido ata o... [por exemplo: 95 (01.0.12)].»

**Disposición transitoria única.** *Vixencia dos permisos de conducción expedidos con anterioridade á entrada en vigor desta orde.*

Os permisos de conducción expedidos con anterioridade á entrada en vigor da presente orde seguirán sendo válidos nas mesmas condicións ata que proceda expedir un novo permiso de conducción con ocasión da súa prórroga de vixencia ou de calquera outro trámite regulamentario.

**Disposición derogatoria única.** *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta orde.

**Disposición derradeira primeira.** *Incorporación do dereito comunitario.*

Mediante esta orde incorpórase ao dereito español a Directiva 2011/94/UE da Comisión, do 28 de novembro, que modifica a Directiva 2006/126/CE do Parlamento Europeo e do Consello, sobre o permiso de conducción.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día 19 de xaneiro de 2013.

Madrid, 25 de xuño de 2012.—O ministro do Interior, Jorge Fernández Díaz.